



## Life Fluvial

O obxectivo xeral é a mellora do estado de conservación de corredores fluviais atlánticos na Rede Natura 2000. Para este propósito, o proxecto desenvolve unha estratexia transnacional para a xestión sostible dos seus hábitats en varias cuncas fluviais atlánticas da Península Ibérica. Neste ámbito, factores de ameaza como especies invasoras, intensificación de usos ou problemas fitosanitarios, causan o deterioro e a fragmentación dos hábitats dos corredores fluviais.




### Betanzos - Mandeo

A ZEC Betanzos-Mandeo delimitase en torno á Ría de Betanzos, situada no arco ártabro de Galicia, na que desemboca o río Mandeo, prolongándose río arriba e incluíndo os leitos principais da conca do Mandeo: o propio río Mandeo, e o río Mendo, seu afluente principal. O espazo presenta un mosaico de ecosistemas que abarcan medios halófilos, ecosistemas fluviais, bosques e agrosistemas tradicionais con elevado valor natural. O valor dos medios naturais e seminaturais deste espazo posibilita a identificación de ate 26 tipos de hábitat de interese comunitario, destacando 5 de carácter prioritario



A restauración dos hábitats naturais das dúas áreas de actuación no corredor fluviomariño, consistiu na eliminación de especies exóticas invasoras, limpeza de residuos, plantación de especies autóctonas de procedencia compatible e a creación de zonas de inundación. O control de invasoras realizouse de forma selectiva e preferentemente manual (salvo para a retirada de grandes plantas), sen empregar herbicida, baixo protocolos técnicos con criterios científicos, avaliados e autorizados pola Comisión Europea e autoridades competentes de Galicia



O obxectivo xeral do proxecto LIFE Fluvial é a mellora do estado de conservación de corredores fluviais atlánticos na Rede Natura 2000. Para este propósito, o proxecto desenvolve unha estratexia transnacional para a xestión sostible dos seus hábitats en varias cuncas fluviais atlánticas da Península Ibérica.  
LIFE Fluvial is a project co-financed by the European Commission within the framework of the LIFE call and runs between 2017-2021

